

MÁIS INVESTIGACIÓN E AXUDAS ÓS SECTORES AFECTADOS POLA VESPA VELUTINA

O Museo de Historia Natural acolleu o 19 de outubro en Santiago de Compostela unha xornada na que participaron diferentes colectivos para tratar o problema en Galicia do tártago de patas amarelas (*Vespa velutina*). Convocouse por un lado ó grupo de traballo formado por investigadores e investigadoras das universidades galegas, creado a iniciativa de AGA, e por outro á Plataforma Stop Velutina, integrada por preto de 50 entidades. Unha das principais conclusións foi que a pesar de que existen avances na investigación, faltan recursos e financiación para continuar cun traballo que chegue a plasmarse en métodos eficaces de control da praga. Acordouse polo tanto acudir á administración galega, a través da Consellería de Medio Ambiente, a solicitar estas axudas para a investigación, cunha proposta clara e concreta para levar a cabo a partir do 2019. Por outro lado tamén se decidiu dirixir un escrito á Consellería de Medio Rural solicitando axudas ó sector apícola para cubrir os gastos derivados da instalación de trampas eléctricas, única medida que demostrou ata o momento resultados positivos como defensa dos colmeares ante o ataque do tártago asiático, pero que require unha gran inversión. Estas peticións rexistráronse o 31 de outubro e solicitouse unha reunión coas Consellerías de forma urxente para debater as nosas propostas, da que nestes momentos estamos agardando a resposta.

CHARLAS "CAUSAS DA MORTANDADE NAS COLMEAS E COMO PREVILAS"

AGA está realizando un programa de charlas sobre sanidade apícola en diferentes lugares de Galicia. Son impartidas polos veterinarios de AGA, Gonzalo Calvo e Joaquín Lozano, e tratan sobre os diferentes factores que inflúen na mortandade das colmeas (varroa, nutrición, pragas, pesticidas...).

A participación é de balde pero requírese inscrición previa, por email a info@apiculturagalega.es ou tel. 981 508 142 - 630 069 637.

No mes de outubro xa se impartirón varias charlas. Estas son as próximas:

<u>Calendario e lugares próximas charlas</u>	
<p>CARBALLO 17 de novembro, de 11 a 13 h. Forum Carballo</p>	<p>A GUDIÑA 15 decembro, de 11 a 13 h. Edificio Multiusos</p>
<p>QUIROGA 01 decembro, de 11 a 13 h. Casa da Cultura</p>	<p>MOAÑA 19 de xaneiro de 2019, de 17 a 19 h. Casa da Mocidade, O Rosal - Moaña</p>

ACTIVIDADES DAGAS

DAGA Ortegal

Xornada Apícola. 10 de novembro, Ortigueira. Haberá un acto de recoñecemento para os fundadores da DAGA Ortegal, unha cata de meles de Galicia por IXP Mel de Galicia e Xosé Torres, presidente de AGA, ofrecerá a charla "Perspectivas da apicultura en Galicia e loita pola supervivencia das abellas"

30ª Feira do Mel de Ortegal. 11 de novembro, Ortigueira. Actividades culturais e gastronómicas para todos os públicos.

DAGA Ferrolterra

Semana das Abellas de Ferrol. Do 16 ó 21 de novembro, Centro Cultural Carvalho Calero de Ferrol. O programa inclúe unha exposición educativa e xornadas técnicas sobre a *Vespa velutina*, coa divulgación de investigacións realizadas pola Universidade de Santiago e sobre actuación ante as picaduras de avespas a cargo da Dra. Pilar Iriarte do Grupo de Alergloxía do Hospital Naval.

Feira do Mel de Ferrolterra. 18 de novembro, Sedes (Narón).

O programa completo destas actividades será publicado na web de AGA.

DEVOLUCIÓN PLAN APÍCOLA 2018 E RECOLLIDA ALIMENTO PLAN APÍCOLA 2019

A través do Plan Apícola 2018 obtivemos a subvención do 80 % no custe dos tratamentos da varroa, o 50 % do alimento e o 9 % para a cera. A Consellería de Medio Rural acaba de ingresarnos o importe que nos corresponde, polo que a devolución ós socios e socias farase entre os meses de novembro e decembro, no nº de conta indicado para a domiciliación da cota de AGA. No caso de non ter a cota domiciliada hai que poñerse en contacto coa asociación para acordar a forma de pago.

Para o Plan Apícola 2019, as persoas que necesiten adquirir agora o alimento e queiran que lle entre na subvención do ano que ven, teñen que facer previamente o pedido e o pago en AGA e entregar a factura de compra xunto coa solicitude do Plan Apícola o ano que ven. Ata que non saia publicada a orde de axudas do 2019, non podemos confirmar se o alimento entrará ou non na subvención, aínda que prevemos que será similar ó deste ano. Enviaremos información por correo entre os meses de xaneiro e marzo, en función de cando saia publicada a convocatoria.

O alimento pode recollerse, despois de facer o pedido en AGA, nalgún dos lugares indicados na seguinte táboa ou solicitar o envío por transporte:

PRODUTOS	PREZO *	LUGAR RECOLLIDA
Apipasta con proteína e vitamina	1,25 € / Kg 17,25 € Caixa 15 Kg	Apícola Carballal (Ourense) e Erica Mel
Mixfructor	12,60 € Garrafa 14 Kg	Apícola Carballal (Ourense) e Erica Mel
Bee Food inverno	1,30 € / Kg	Apiyago (Santiago) e Erica Mel
Melostar primavera	1,60 € / Kg	Apiyago (Santiago) e Erica Mel
Beecomplet Inverno, Primavera e Outono	1,50 € / Kg 17,50 € Caixa 12 Kg	Apícola Regueira (Pontevedra)
Apicar Pro Sólido	1,20 € / Kg 14 € / Caixa 12 Kg	Apícola RJ (Xinzo de Limia)
Apicar Líquido	1,10 € / Kg 12,60 € / Caixa 12 Kg	Apícola RJ (Xinzo de Limia)

*Consultar prezos para cantidades grandes (palets ou contenedores)

COMUNICADO ERICA MEL S.C.G.: COLLEITA 2018

A colleita do mel deste ano 2018 resultou moi mala, entre un 20-30 % dunha colleita normal. As causas desta escaseza poden ser varias: unha elevada mortandade á saída do inverno, os cambios no clima cunha primavera moi tardía este ano e un comezo de verán frío e chuvioso, unha tendencia cada vez maior á enxamía e tamén a presión da *Vespa velutina* nas zonas máis afectadas por esta praga.

Esta situación parece que afectou máis no norte da península, onde o mel está subindo de prezo, pero noutros lugares está pasando o contrario. Polo tanto, o prezo no mercado nacional do mel é moi variable, máis todavía en ámbito internacional, cunha elevada competencia con outros produtores a nivel mundial. Non obstante, o tipo de mel máis predominante en Galicia, o mel de bosque (oscuro, de brezo, melato...), ten unha boa saída no mercado e está moi ben valorado en Europa. Obsérvase en xeral unha tendencia nos últimos anos hacia colleitas cada vez máis inestables, variando moito dunhas zonas a outras, e un descenso na media de produción por colmea, que estaba fai uns anos en 25 Kg e pódese establecer na actualidade en 15 Kg.

A directiva de Erica Mel, decidiu convocar unha reunión urxente para analizar esta situación, na que se decidiu subir o prezo ó que se lle paga ó socio a 5 € / Kg. En canto á venda, por un lado vaise limitar a cantidade a suministrar ós clientes e por outro incrementaremos o prezo de venda ó público ata establecer unha referencia de 10 € o envase de 1 Kg e 6 € o 1/2 Kg.

MÁIS INFORMACIÓN

Asociación Galega de Apicultura

Feira Nova s/n 15819 Santa María - Arzúa

www.apiculturagalega.es

Email: info@apiculturagalega.es / Tel. 981 508 142 / 630 069 637